

Concello de Covelo

Expte. n.º: 1.278/2025

D. JACOBO MANUEL RAYÓN CEDEIRA, Secretario-Interventor no Concello de Covelo (provincia de Pontevedra),

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día cinco de novembro de dous mil vinte e cinco, adoptou, entre outros, o acordo que deseguido se transcribe na súa literalidade, coas reservas que resulten da aprobación definitiva da acta:

“

6º.- Expediente 1278/2025. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CLUB DEPORTIVO PATINAXE ARTÍSTICA.

Vista a solicitude presentada o 23 de outubro de 2025 (Rexistro de entrada nº 2025-E-RE-1.585) de axuda económica presentada por D.ª Sonia Lorenzo Martínez con D.N.I. nº [REDACTED], en calidade de representante legal do Club Covelo Patinaxe Artística con NIF nº G-36.474.575, na que solicita unha subvención total por importe de tres mil euros (3.000,00 €) para actividades realizadas coa patinaxe artística (Expte. nº 1.278/2025).

Visto que entre os obxectivos do Concello atópase o de promover o deporte.

Tendo en conta que na base 56ª das bases de execución do orzamento do exercicio 2025, recóllese unha subvención nominativa a favor do Club Covelo Patinaxe Artística.

Vista a existencia de crédito na partida orzamentaria 341.48 no citado orzamento.

Prevía deliberación a Xunta de Goberno Local, de conformidade co último parágrafo da base 56ª das bases de execución do orzamento do exercicio 2025, por unanimidade dos seus membros presentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Conceder ao Club Covelo Patinaxe Artística con NIF nº G-36.474.575 unha subvención nominativa polo importe de tres mil euros (3.000,00 €), para actividades realizadas coa patinaxe artística, en concreto: festivais de exhibicións de patinaxe: fin de curso e nadal, campionato de preseleccións e IX trofeo cruceiro de patinaxe Covelo e aprobar o gasto correspondente na partida 341.48 do orzamento vixente pola mesma cantidade, por estar previsto na base 56ª das de execución do orzamento xeral do Concello para o exercicio 2025.

Segundo.- Proceder a asinar o convenio de colaboración entre o Concello de Covelo e ao Club Covelo Patinaxe Artística de conformidade co previsto no artigo 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á interesada.....”.

E para que conste e para os efectos oportunos, expido a presente certificación, co visto e praxe do Sr. Alcalde, D. Juan Pablo Castillo Amigo, en Covelo, na data da sinatura electrónica.

JUAN PABLO CASTILLO AMIGO (1 para 2)
ALCALDE
D.N.I. Sinatura: 05/11/2025
HASH: ca7ca154a3adece297739ce6a6a94d

[REDACTED]

JACOBO MANUEL RAYÓN CEDEIRA (2 para 2)
SECRETARIO-INTERVENTOR
D.N.I. Sinatura: 05/11/2025
HASH: 016fe138ad7d160b50847c5816df38d0



Concello de Covelo

O secretario-interventor

Vº e Prace
O alcalde

